Sobre o procedemento, a coordinación con outras administracións, os resultados e a conveniencia, fronte a unha lei de transición hidrolóxica, da revisión do Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa 2015-2021

- 54715 - 43064 (10/PRE-016406)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do expediente coa solicitude de autorización da empresa Racso Soluciones S. L. para actuar como xestor de valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil no polígono de Botos, en Lalín

- 54714 - 43065 (10/PRE-016407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego en relación coa instalación e o funcionamento dunha planta de compostaxe nos terreos de Sogama na provincia de A Coruña, así como a execución das oito plantas de compostaxe previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG)

- 54707 - 43233 (10/PRE-016409)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Oporto no corredor atlántico dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013 do Parlamento e do Consello Europeo

- 54691 - 43488 (10/PRE-016418)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 9 máis

Sobre o actual estado da execución das obras do terceiro treito da autovía do Morrazo e a previsión para a súa posta en servizo

- 54689 - 43492 (10/PRE-016420)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre o avance na execución das obras da vía de acceso ao polígono de San Cibrao das Viñas desde a A-52



- 54685 - 43524 (10/PRE-016421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a construción e posta en funcionamento da estación de autobuses de Celanova

- 54655 - 43847 (10/PRE-016426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do apoio económico ao Concello de Corcubión para a revisión e actualización do seu Plan especial de protección do conxunto histórico e o coñecemento das consecuencias da súa actual falta de vixencia

- 54758 - 42294 (10/PRE-016551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia acerca do proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC, impulsado pola Universidade da Coruña en colaboración co Clúster TIC Galicia

- 54669 - 43627 (10/PRE-016591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os convenios, subvencións e axudas outorgadas pola Consellería de Facenda ao Concello de Cerdedo-Cotobade nos exercicios 2016, 2017 e 2018

- 54668 - 43628 (10/PRE-016592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os convenios, subvencións e axudas outorgadas pola Consellería de Facenda ao Concello de Oza-Cesuras nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018

- 54734 - 42668 (10/PRE-016687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado no que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme, de Burela

- 54717 - 43051 (10/PRE-016695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a homologación dos cursos da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra ao ciclo medio e superior de Formación Profesional, o procedemento a seguir e as previsións do Goberno galego ao respecto

- 54712 - 43133 (10/PRE-016698)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis



Sobre o proxecto que está previsto implantar en Ourense relacionado coa innovación na formación profesional

- 54711 - 43151 (10/PRE-016699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre o estado do procedemento de recoñecemento da Universidad Internacional de la Empresa (UIE) iniciado polo padroado de Afundación o pasado mes de outubro de 2018

- 54708 - 43169 (10/PRE-016701)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da incidencia que están a ter os recortes de profesorado nos centros escolares de Galicia, e nomeadamente no Colexio Virxe da Luz, de Portomarín, así como as medidas previstas para garantir o dereito á educación en igualdade de condicións no medio rural

- 54694 - 43389 (10/PRE-016714)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns do incumprimento no Colexio Padre Feijóo, de Allariz, da taxa establecida de alumnado por aula

- 54693 - 43397 (10/PRE-016719)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o número de títulos universitarios que puideron ser expedidos sen as garantías necesarias, as medidas previstas polo Goberno galego para facilitarlles ás persoas afectadas un título acorde coa normativa legal e o pagamento realizado, así como as que vai adoptar para garantir a autenticidade dos títulos expedidos

- 54687 - 43502 (10/PRE-016720)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia do efecto dos recortes nos centros escolares e da situación do Colexio de Portomarín, así como respecto das medidas que hai que adoptar para garantir o dereito á educación no rural

- 54665 - 43687 (10/PRE-016723)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre o modelo para a contratación das concesións dos servizos de cafetarías escolares

- 54657 - 43753 (10/PRE-016729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis



Sobre a aplicación da resolución da Consellería de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-2019 no CEIP Padre Feijóo, de Allariz, no segundo ciclo de educación infantil

- 54654 - 43848 (10/PRE-016731)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do apoio económico ao Concello de Corcubión para a revisión e actualización do seu Plan especial de protección do conxunto histórico e o coñecemento das consecuencias da súa actual falta de vixencia

- 54753 - 42377 (10/PRE-016861)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do funcionamento da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (Funga)

- 54752 - 42386 (10/PRE-016863)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia do Plan como na casa nas residencias de maiores

- 54741 - 42640 (10/PRE-016869)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co impulso de prazas públicas no centro de día e na residencia para a terceira idade no concello de Mondoñedo

- 54730 - 42685 (10/PRE-016871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do funcionamento e do estado no que se atopa a residencia de maiores de Trives (Ourense)

- 54716 - 43053 (10/PRE-016894)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o coñecemento e previsións para a mellora das instalacións nas que traballan as persoas profesionais dos equipos de valoración e orientación (EVO) do norte, en materia de discapacidade, na provincia de Pontevedra

- 54705 - 43302 (10/PRE-016905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis



Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias que tivo para as persoas usuarias a eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, así como da posibilidade de volver a asumir durante a X legislatura o custo íntegro do servizo de transporte adaptado

- 54702 - 43340 (10/PRE-016906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a convocatoria para a creación das casas do maior

- 54700 - 43344 (10/PRE-016908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos obxectivos previstos na Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como as medidas que vai levar a cabo ao respecto

- 54698 - 43346 (10/PRE-016909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ao cumprimento dos obxectivos previstos en materia de creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, os datos relativos á tramitación das solicitudes de axuda presentadas para ese fin e as medidas previstas ao respecto

- 54683 - 43526 (10/PRE-016916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Ourense

- 54681 - 43539 (10/PRE-016921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 6 máis
Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores da Coruña

- 54679 - 43542 (10/PRE-016922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Lugo

- 54677 - 43554 (10/PRE-016923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis



Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores da Coruña

- 54674 - 43558 (10/PRE-016924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Ferrol

- 54672 - 43561 (10/PRE-016925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Santiago

- 54670 - 43565 (10/PRE-016926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Vigo

- 54663 - 43702 (10/PRE-016928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación no ano 2019 de novos e definitivos equipos de valoración e orientación da discapacidade para a provincia de Pontevedra, así como os datos referidos ao convenio asinado co Sergas para a revisión e tramitación dos expedientes polos médicos de atención primaria

- 54660 - 43721 (10/PRE-016930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a xestión desde o ano 2016 do centro de menores de Monteledo, radicado en Ourense

- 54659 - 43723 (10/PRE-016931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do informe do Consello de Contas sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e con discapacidade e as medidas que vai adoptar para paliar o déficit de prazas públicas neles

- 54653 - 43893 (10/PRE-016941)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o funcionamento da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga)



- 54754 - 42356 (10/PRE-017178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os plans do Goberno galego para o desenvolvemento da transición enerxética en Galicia, a avaliación da situación das centrais térmicas galegas e a posición da Xunta de Galicia no relativo á coordinación co Estado e a Unión Europea sobre esta materia

- 54666 - 43641 (10/PRE-017296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o procedemento de confección das ordes de axudas á prevención de danos e de axudas polos danos ocasionados pola fauna salvaxe

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:43:47
Nº Rexistro: 54667

Data envío: 02/09/2019 09:43:47.072

Data 02/09/2019 09:43

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 43639**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o procedemento de confección das ordes de axudas á prevención de danos e de e axudas aos danos ocasionados pola fauna salvaxe”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Para a redacción das ordes de axuda ás que se fai referencia na iniciativa tívose en conta varias achegas dos colectivos afectados. Como, por exemplo, a proposta de incluír a adquisición de valados como medida preventiva para os ataques de lobo ou os cambios na baremación para que se puntúen danos previos nas explotacións co obxectivo de favorecer que os agricultores e gandeiros máis prexudicados teñan preferencia. Tamén se introduciron novidades no relativo á adquisición de cans.

Ademais, as principais normas que rexen a tramitación destas ordes son as seguintes:

1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
4. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
5. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:43:47
Nº Rexistro: 54667
Data envío: 02/09/2019 09:43:47.072

Por último, a confección dos diferentes apartados realízase en base á Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:43:47
Nº Rexistro: 54667
Data envío: 02/09/2019 09:43:47.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:43:43

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:38
Nº Rexistro: 54740

Data envío: 02/09/2019 10:00:38.369

Data 02/09/2019 10:00

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 42641**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a política da Xunta de Galicia en relación ao impulso de prazas públicas no centro de día e na residencia para a Terceira Idade, no concello de Mondoñedo”**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Neste momento non existe ningún procedemento para a reserva e ocupación de prazas de atención residencial no concello de Mondoñedo.

A Xunta de Galicia non vai a por en marcha un Plan de Atención á Dependencia específico no concello de Mondoñedo.

A data de hoxe estase a tramitar un procedemento de contratación para a reserva e ocupación de 10 prazas de atención diúrna terapéutica para as persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Mondoñedo (Expte 67/2019).

Igualmente, está proxectado que proximamente se inicie a contratación de 5 prazas de estimulación terapéutica no referido concello, coa finalidade de manter as habilidades, coñecementos e condutas que aínda posúen as persoas diagnosticadas con alzhéimer, utilizando técnicas dirixidas ó adestramento nas actividades da vida diaria (AVD), orientación á realidade, estimulación cognitiva, terapia ocupacional, atención psicolóxica, logopedia, e actividades de lecer e tempo libre.

A Lei 13/2008, de Servizos sociais de Galicia establece que as persoas físicas ou xurídicas privadas, de iniciativa social ou de carácter mercantil poden actuar como entidades prestadoras de servizos sociais e, en consecuencia, crear centros de servizos sociais, así coma xestionar programas e prestacións desta natureza.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:38
Nº Rexistro: 54740
Data envío: 02/09/2019 10:00:38.369

A data de hoxe o concello de Mondoñedo conta cun centro residencial con 15 prazas de atención a persoas maiores en situación de dependencia e un centro de día con 40 prazas, ambos centros impulsados por entidades de iniciativa social

Tendo isto presente, os servizos sociais poden ser prestados pola administración pública galega non só mediante xestión directa senón a través de xestión indirecta, concerto social ou convenios con entidades sen ánimo de lucro. Facendo uso das posibilidades que ofrece este marco normativo, estase a tramitar un procedemento para a ocupación e reserva de prazas de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Mondoñedo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:38
Nº Rexistro: 54740
Data envío: 02/09/2019 10:00:38.369

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:00:35

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:23
Nº Rexistro: 54738

Data envío: 02/09/2019 10:00:23.244

Data 02/09/2019 10:00

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 42653**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proxecto e a obra da Reforma da Ponte Boado”**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida polo director xeral de Desenvolvemento Rural na pasada Comisión 2ª celebrada o 7 de febreiro do 2019, ao darlle contestación á iniciativa 42654.

O enlace que no que pode ser consultada a resposta é:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=160.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:23
Nº Rexistro: 54738
Data envío: 02/09/2019 10:00:23.244

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:00:19

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 43703** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da creación no ano 2019 de novos e definitivos equipos de valoración e orientación da discapacidade para a provincia de Pontevedra, así como os datos referidos ao convenio asinado co Sergas para a revisión e tramitación dos expedientes polos médicos de Atención Primaria”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada pola Conselleira de Política Social ás preguntas orais en pleno con número de rexistro 49160 e 49137, sobre o mesmo tema, que tivo lugar na sesión plenaria do 8 de maio do 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?
part=3e665b5f-2ef2-4f14-9a0b-c234b71140e7&start=8038](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?part=3e665b5f-2ef2-4f14-9a0b-c234b71140e7&start=8038)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:43:08
Nº Rexistro: 54662
Data envío: 02/09/2019 09:43:08.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:43:04

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42274**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración que fai o Goberno galego do Programa de unidades mixtas de investigación**”, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención da directora da Axencia Galega de Innovación, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 42271 que tivo lugar na sesión do 5 de febreiro de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-02-05?part=fd7e027d-d886-4030-b814-111f420109f2&start=3015>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:03:30
Nº Rexistro: 54761
Data envío: 02/09/2019 10:03:30.838

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:03:26

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42280**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Moisés Rodríguez Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores da automoción”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención da secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 50491 que tivo lugar na sesión do 27 de xuño de 2019 da 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-06-27?part=20f9d28d-d606-497b-99e7-9b7d4cd8e7c3&start=5218>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:03:14
Nº Rexistro: 54759
Data envío: 02/09/2019 10:03:14.353

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:03:10

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42299**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López, don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“a previsión do Goberno galego de medidas conducente a arreglar os problemas derivados da recollida das augas pluviais nos diferentes tramos do corredor do Morrazo”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 42302, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 7 de febreiro de 2019.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=3846>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=4590>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:02:59
Nº Rexistro: 54757
Data envío: 02/09/2019 10:02:59.088

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:02:55

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42343** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as verteduras incontroladas no río Barbaña”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xuño-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais (artigo 25 Lei 7/85). Outórgalles as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado (artigo 26 lei 7/85). Polo tanto, o saneamento é unha competencia exclusivamente municipal, tal e como recolle a normativa básica en materia de réxime local.

A este feito hai que engadir que a zona á que se refire a iniciativa é unha conca hidrográfica de competencia estatal.

En todo caso, desde a Xunta de Galicia, como sempre se fai, estase aberto a posibles colaboracións, sempre respectando a autonomía competencial destes organismos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:02:50
Nº Rexistro: 54756
Data envío: 02/09/2019 10:02:50.869

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:02:47

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 42431**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións realizadas polo Goberno galego para demandar ao Goberno do Estado a mellora da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto”**, (publicada no BOPG número 410, do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“A Xunta vén mantendo unha actitude reivindicativa e activa para acadar a mellora das comunicacións ferroviarias entre Galicia e a rexión norte de Portugal e, entre outras cuestións, ten demandado ao Goberno estatal, anterior e actual, a mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, a mellora da actual liña Vigo-fronteira portuguesa, así como a eliminación do paso a nivel do Porriño.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada saída sur de Vigo forma parte do trazado da rede básica europea de transportes, polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios da próxima convocatoria do Mecanismo Conectar Europa. Este trazado suporá a eliminación do paso a nivel na localidade do Porriño.

O feito de que a saída sur de Vigo sexa corredor da rede TEN-T habilita ao Estado español a dispor de fondos comunitarios, que se asignan en concorrencia competitiva. Desde a Xunta tense trasladado ao Ministerio de Fomento a necesidade de redactar, canto antes, proxectos de calidade que pór enriba da mesa para demandar de Bruxelas o financiamento necesario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:02:03
Nº Rexistro: 54750
Data envío: 02/09/2019 10:02:03.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:01:59

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42535** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre “**a previsión do Goberno galego para levar a cabo unha planificación en materia de estradas de competencia autonómica**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A planificación de infraestruturas viarias ten as seguintes fases:

1. Análise da situación no momento que se redacta o plan
2. Determinación de obxectivos a acadar no período do plan
3. Determinación das actuacións necesarias para acadar os obxectivos.
4. Valoración económica do plan.
5. Seguimento do plan para atender a posibilidade de variacións.

Seguindo este esquema, e de acordo coa situación da rede de estradas autonómicas e a realidade orzamentaria existentes en agosto de 2009, a entón Dirección Xeral de Infraestruturas presentou o *Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica* co obxectivo de mellorar o transporte e accesibilidade en Galicia.

Co seu desenvolvemento conseguiuase o incremento nun 67% dos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe desde 2009, o que permite que 8 de cada 10 galegos vivan hoxe a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Na actualidade, a Xunta continúa a traballar no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica ou na mellora das xa existentes, priorizando aquelas



actuacións que se consideran máis necesarias en base a criterios de rendibilidade social e económica. Para isto conta cunha planificación de detalle adaptada á nova realidade orzamentaria e que desenvolve aspectos tratados de modo xenérico no *Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica*, pero que se engloban nos seus obxectivos: o Plan de Sendas de Galicia, o Plan de Reforzos de Firme e a Estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica; ou a optimización dos eixes de comunicación pendentes para garantir a súa viabilidade.

En síntese, o Executivo autonómico avanza nas infraestruturas de acordo cos criterios establecidos polo *Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica*, en varias liñas de actuación e desenvolvendo os grandes eixes viarios por fases e financiándoos pola vía orzamentaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:01:55
Nº Rexistro: 54749
Data envío: 02/09/2019 10:01:55.400

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:01:51

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42617** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a consideración pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional das instalacións para o desenvolvemento das actividades lectivas no CEIP Virxe do Carme de Burela”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“No período estival, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está a realizar obras de reforma integral e mellora da eficiencia enerxética nos tres edificios que compoñen o colexio plurilingüe Virxe do Carme, nas que se investen 860.297 euros. A actuación inclúe un novo sistema de illamento térmico nas fachadas (sistema SATE) e na cuberta dos edificios empregando paneis de lá de roca. Tamén se procederá ao pintado das fachadas, aulas e corredores e á substitución do solado exterior con baldosa de formigón e do interior con linóleo.

Ademais, substituiranse as actuais ventás por unhas novas con aluminio oscilobatente con dobre cristal e cámara de aire intermedia e un vidro acústico e de seguridade, e cambiaranse todas as caixas das ventás e persianas por modelos de aluminio en color natural e illamento reforzado.

Actuarase no sistema de iluminación, coa substitución completa das luminarias existentes por equipos LED de alta eficiencia enerxética, con regulación e detectores



de presenza emprazados estratexicamente nas zonas comúns. Así mesmo, está previsto o subministro e montaxe de falsos teitos, tamén perfectamente illados con lá de roca. Acometerase tamén o azulexado en baños en cor branca de alta resistencia, e a renovación completa de varios aseos máis antigos (fontanería, billas) no edificio infantil e despachos.

Como traballos complementarios inclúese a apertura dun oco no tabique de conserxería (que mellora a visión da entrada do centro), e a instalación dun sistema de apertura automática no acceso principal, así como a substitución do portón principal de ferro por un de aceiro. O acceso peonil da rúa dos Castros disporá de apertura automática desde conserxería, e o que se realiza pola rúa das Escolas ampliarase para dar acceso a vehículos de grandes dimensións e camións. Finalmente procederase á inertización do depósito de gasóleo soterrado e á súa substitución por un máis seguro en superficie.

As obras que se están a realizar responden aos problemas con filtracións de auga rexistrados o pasado curso, que obrigaron a executar accións de urxencia agora completadas con estes traballos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:01:47
Nº Rexistro: 54748
Data envío: 02/09/2019 10:01:47.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:01:43

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42629** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as melloras e actuacións concretas que recolle o proxecto de adecuación paisaxística do Camiño Francés no termo municipal de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos de adecuación paisaxística e integración do Camiño Francés á súa entrada en Compostela recollen unha serie de actuacións, nas que a Xunta vén traballado con intensidade e nas que xa se ten avanzado.

Entre elas, caben destacar as melloras que se realizarán na baixada do Monte do Gozo, obras xa adxudicadas e que, previsiblemente, se iniciarán no mes de setembro; tamén as actuacións de adecuación do Camiño Francés entre a ponte de San Lázaro e a rúa Miguel Ferro Caaveiro, licitadas a comezos do mes de xullo; ou as obras licitadas o pasado 22 de xullo, correspondentes á traza do Camiño Francés no cruce da avenida de Lugo con Concheiros. Unha actuación, esta, orientada a facer que o Camiño neste punto da trama urbana da cidade sexa máis identificable, co calmado de tráfico e a reordenación de accesos que conflúen no nó de Concheiros, mellorando a mobilidade e a seguridade viaria dos peregrinos, e favorecendo tamén os tráfico urbanos e os desprazamentos dos propios veciños. As obras transformarán o actual nó de Concheiros nunha gran praza,



compatibilizando o tránsito dos peregrinos cun tráfico rodado fluído e seguro, facilitando ademais a conexións dos barrios de Fontiñas e de Concheiros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:01:27
Nº Rexistro: 54746
Data envío: 02/09/2019 10:01:27.447

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:01:23

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42631** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os traballos correspondentes á integración do Camiño Inglés no termo municipal de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A comezos do mes de xuño iniciáronse as obras de mellora do Camiño Inglés entre o polígono do Tambre e o cemiterio de Boisaca, que suporán un investimento da Xunta de 1,8 millóns de euros.

A actuación iniciada no polígono do Tambre é unha reforma de toda a superficie, ao longo de 800 metros, que reordenará os espazos para facer compatibles os usos dos peregrinos, dos empresarios e transportistas do polígono e, tamén, do cemiterio de Boisaca. O proxecto inclúe unha mellor integración paisaxística e elementos de mobiliario urbano que serán uniformes en todas as actuacións, así como espazos verdes que minorarán as molestias do tráfico sobre os camiñantes e peregrinos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:01:09
Nº Rexistro: 54744
Data envío: 02/09/2019 10:01:09.885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:01:06

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42633** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona María Julia Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as melloras e actuacións concretas que recolle o proxecto de adecuación paisaxística do Camiño Portugués no termo municipal de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras de mellora e integración paisaxística do Camiño Portugués no barrio de Conxo, no concello de Santiago, contan cun orzamento que supera os 2 millóns de euros. A intervención prevista no núcleo de Conxo de Abaixo permitirá a reordenación do itinerario desta ruta, mellorando a visual do peregrino ao longo da traza do camiño e reducindo o tránsito de vehículos, entre a glorieta coa SC-20 ata a rúa da Escurridía. Tamén cabe salientar a importancia que a dita actuación terá para os veciños do lugar.

Entre as actuacións previstas neste barrio, destaca a actuación proxectada na praza fronte ao mosteiro de Santa María, para darlle unha dimensión máis humana ao espazo público. O obxectivo é dotar este barrio compostelán dunha zona emblemática de acollida e desfrute de peregrinos e veciños.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:53
Nº Rexistro: 54742
Data envío: 02/09/2019 10:00:53.822

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:00:50

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42642** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**a pobreza infantil en Galicia**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Conscientes de que o risco de pobreza infantil é superior ao da poboación en xeral, a loita contra a pobreza infantil incluíuse como prioridade transversal da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, que aprobou o Consello da Xunta en decembro de 2014, co fin de evitar a transmisión da pobreza entre xeracións a través de novos enfoques e metodoloxías na intervención con persoas e familias.

Así mesmo, en maio de 2016 impulsouse a Axenda Social de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais –Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social, contén fundamentalmente medidas dirixidas de xeito prioritario a fogares con menores de 16 anos a cargo e con ingresos de traballo inferiores aos limiares da Risga.

A Axenda comprende medidas de diferentes áreas, como as de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e infantil, de atención á inclusión residencial, de promoción de programas e proxectos de inclusión social, ou de atención á dependencia, así como o financiamento de programas e proxectos de inclusión social desenvolvidos por corporacións locais e entidades de iniciativa social.

Deste xeito, entre as accións que xa se están a desenvolver figuran medidas máis específicas de loita contra a pobreza infantil (como son a habilitación dun procedemento



para o pago anticipado das Axudas de Inclusión Social, con carácter previo á súa xustificación, nos casos de familias con menores, ou o programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 16 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias -La Caixa ProInfancia-) xunto con outras medidas dirixidas á mellora das condicións de vida das familias, entre as que se poden destacar, entre outras, as seguintes:

-Incorporación no decreto de regulación da Risga de melloras para as familias perceptoras con menores, como por exemplo o incremento da contía do complemento de aluguer ata o 15% do IPREM no caso de unidades de convivencia nas que existan menores, ou a concesión do complemento familiar correspondente aos menores integrantes da unidade de convivencia, aínda que estes últimos non teñan residencia.

-Apertura dunha liña na convocatoria de subvencións aos concellos para o desenvolvemento dunha intervención técnica especializada dirixida a unidades familiares, para a adquisición por parte destas das competencias e habilidades necesarias para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas. Ponse a dispor das persoas participantes en procesos de inclusión social ou sociolaboral con menores a cargo que así o teñan previsto no seu proxecto personalizado.

-Implantación da Rede galega de atención temperá.

-Medidas dirixidas a atender ás familias en situación de privación material severa: ticket eléctrico, axudas para adquisición de material escolar.

-Incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos/as de 1.200 EUR polo/a segundo/a fillo/a e 2.400 EUR para as familias que teñan un/unha terceiro/a fillo/a ou máis.

-Axuda de 1.200 € repartidos en 12 mensualidades para a adquisición de produtos básicos infantís durante os tres primeiros anos de vida do/a neno/a ás familias que teñan un/ha fillo/a ou adopten un/ha neno/a (prestación por fillo a cargo e/ou Tarxeta Benvida).

-Impulso da posta en marcha de casas-niño no rural, cun importante incremento do número de prazas existentes.



- Ampliación do número de prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, chegando ata 25.000 prazas.
- Exencións de pago das cotas en escolas infantís 0-3 ás familias que cumpran os requisitos.
- Adopción dunha perspectiva de intervención familiar nos proxectos de inclusión sociolaboral.
- Accións promotoras da inclusión residencial: ampliación do programa Reconduce, bono aluguer, programa de vivendas de inserción, acordos de colaboración coa SAREB e entidades financeiras.
- Bono coidado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:31
Nº Rexistro: 54739
Data envío: 02/09/2019 10:00:31.010

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:00:27

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:15
Nº Rexistro: 54737
Data envío: 02/09/2019 10:00:15.416
Data 02/09/2019 10:00

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42655** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o proxecto e a obra da Reforma da Ponte Boado**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida polo director xeral de Desenvolvemento Rural na sesión da Comisión 2ª celebrada o 7 de febreiro do 2019, ao darlle resposta á pregunta 42654 sobre o mesmo tema.

O enlace no que pode ser consultada a súa intervención é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-02-07?part=8b3ee90d-c645-4767-b967-d3e805191ce6&start=160>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:15
Nº Rexistro: 54737
Data envío: 02/09/2019 10:00:15.416

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:00:11

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:58
Nº Rexistro: 54735

Data envío: 02/09/2019 09:59:58.807

Data 02/09/2019 09:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42667** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as reclamacións polas retencións na AP9**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 40473, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 421, do 29 de xaneiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

página 1 de 1

CSV: BOPGDSPGDdeajNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:58
Nº Rexistro: 54735
Data envío: 02/09/2019 09:59:58.807

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:59:55

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:28
Nº Rexistro: 54731

Data envío: 02/09/2019 09:59:28.416

Data 02/09/2019 09:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42684** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego do funcionamento e estado no que se atopa a residencia de maiores de Trives (Ourense)”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada para dar resposta a dúas peticións de documentación (artigo 9 do Regulamento da Cámara) con números de rexistro 42688 e 42687 sobre o mesmo tema e formuladas polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

página 1 de 1

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:28
Nº Rexistro: 54731
Data envío: 02/09/2019 09:59:28.416

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:59:24

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 42698**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os traballos e programas se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas**”, (publicada no BOPG número 414, do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 42697, debatida na Comisión 4ª de data 06/03/2019, e á que nos remitimos porque serviu para expor a actividade que desenvolven as bibliotecas escolares en centros galegos e que están a contribuír na mellora da comprensión lectora.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-03-06?
part=cd833329-c353-4efe-852a-2317656aad8&start=1447](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-03-06?part=cd833329-c353-4efe-852a-2317656aad8&start=1447)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:13
Nº Rexistro: 54729
Data envío: 02/09/2019 09:59:13.166

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:59:09

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42714** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a homologación dos cursos da Escola de Canteiría da Deputación de Pontevedra ao ciclo medio e superior de Formación Profesional”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A Escola de Canteiros de Poio-Pontevedra, dependente da Deputación de Pontevedra, imparte na actualidade formación propia e non regrada. En concreto, estudos de cantería e de mestre/a cantería.

Desde a perspectiva educativa, a Consellería respecta e valora o prestixio da formación non regrada que recibe o alumnado deste centro –do que sabe que é demandado para traballar en diversos lugares do mundo-, pero non pode entrar en cuestións que non son da súa competencia, xa que na actualidade non son ensinanzas oficiais de FP.

Neste momento, relacionados coa pedra están definidos varios ciclos na familia profesional de Industrias extractivas e na de Edificación e Obra Civil, pero estas ensinanzas de FP teñen pouco que ver coa formación de canteiros.

Como é coñecido, existen unhas normas e uns procedementos fixados desde o Estado que debe cumprir a entidade titular da Escola de Canteiros para posibilitar o recoñecemento oficial das súas ensinanzas como formación oficial.

Segundo a normativa educativa vixente, o Goberno central pode decidir crear unha nova titulación de FP que se axuste ás ensinanzas de cantería e mestre de cantería, modificando o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Unha vez exista ese novo título, é cando



sería posible o poder facilitar a homologación ou recoñecemento dos títulos expedidos pola escola.

Por ultimo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional quere deixar constancia de que está a favor da creación e da existencia de ciclos formativos que teñan relación coa tradición e cos sectores produtivos de Galicia.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:05
Nº Rexistro: 54728
Data envío: 02/09/2019 09:59:05.322

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:59:02

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42716** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as condicións nas que traballan as persoas profesionais das equipas de Valoración da Discapacidade no EVO do Norte da provincia de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En canto ás condicións das instalacións do EVO do norte da provincia de Pontevedra indicar que na zona do edificio que ocupa o mesmo hai constancia nestes momentos de humidades.

A principios do ano 2019 xa entrou en funcionamento o ascensor que comunica as tres plantas do edificio.

Respecto da á limpeza, está previsto que se refórce o servizo na zona do EVO para os despachos e as zonas comúns os 5 días da semana e unha limpeza mensual na zona dos arquivos.

No ano 2017 realizáronse melloras nos aseos do centro. Estas consistiron en melloras nos do público, nova iluminación, instalación de novos contedores hixiénicos, melloras na ventilación, etc. Ademais fixéronse importantes melloras nun aseo na planta -1 co fin de que houbera un de uso exclusivo do persoal, mellorouse a ventilación, arranxáronse as portas, os sanitarios, etc.

A climatización do edificio é correcta. O mesmo ten instalación de calefacción que funciona de forma intensiva en inverno. Na zona de espera tamén hai radiadores e a zona de saída ten portas corredizas con apertura e peche automático para que a perda de calor sexa a menos posible.



No ano 2017 realizouse unha mellora nas luminarias, instalandoas de led nalgunhas zonas do edificio, e instalando detectores de movemento na zona de arquivo para o apagado automático das luces. Non hai constancia por parte do servizo de prevención de riscos que a iluminación sexa deficiente.

En relación ás cadeiras de rodas, no mes de febreiro de 2019 o SERGAS fixo un cambio das existentes por outras novas, que son as que están a disposición do público a día de hoxe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:57
Nº Rexistro: 54727
Data envío: 02/09/2019 09:58:57.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:58:54

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:50
Nº Rexistro: 54726

Data envío: 02/09/2019 09:58:50.666

Data 02/09/2019 09:58

BOLETÍN

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42722**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, dona María Luisa Pierres López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre “**o traslado polo Goberno da resolución de caducidade con relación á solicitude ao Concello de Lalín por Racso Soluciones S.L.**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación á tramitación do proxecto, realizouse un trámite de avaliación ambiental simplificado porque era o que lle correspondía segundo establece a Lei de avaliación ambiental. No marco deste trámite, foi efectuada consulta ao Concello de Lalín, que non recibiu resposta, tal e como consta no texto do informe de impacto ambiental que se pode consultar na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que ten unha vixencia de catro anos dende a súa publicación. En canto á resolución de caducidade, foi notificada ao Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:50
Nº Rexistro: 54726
Data envío: 02/09/2019 09:58:50.666

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:58:47

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:43
Nº Rexistro: 54725

Data envío: 02/09/2019 09:58:43.025

Data 02/09/2019 09:58

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42783**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións do Goberno galego en relación ao cobro de peaxes na AP53 no seu treito entre Santiago e Lalín**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42787, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 477, do 15 de maio de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:43
Nº Rexistro: 54725
Data envío: 02/09/2019 09:58:43.025

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:58:39

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42858** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre **“as actuacións adoptadas e pendentes de adoptar polo Goberno galego para favorecer o mantemento da actividade e postos de traballo na empresa Isowat, da Coruña”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 42857 que tivo lugar na sesión do 19 de febreiro de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-02-19?part=1e3154c8-9503-4702-b658-d4b36bced055&start=1937>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:24
Nº Rexistro: 54723
Data envío: 02/09/2019 09:58:24.557

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:58:19

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42896** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os plans da Xunta de Galicia respecto do mantemento das rateos de persoal nas residencias privadas”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A rateo de persoal de atención directa nos centros de atención a persoas maiores recóllese na Orde do 18 de abril de 1996, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Así, establécese que a rateo mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa é de 0,20 por usuario/a en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes.

Asemade, segundo o disposto nesta mesma orde todos os centros residenciais deben garantir a vixilancia e coidado da saúde dos e das residentes por persoal cualificado para esta función. Os centros cun número inferior a 40 prazas asistidas deberán contar coa presenza localizada de persoal médico e ATS ou DUE durante as 24 horas, e aqueles cun número superior de prazas asistidas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física do ATS ou DUE as 24 horas.



Nas visitas de inspección de servizos sociais que se realizan aos centros de atención a persoas maiores verifícase de forma exhaustiva o cumprimento dos devanditos requisitos de persoal.

A verificación desta rateo de persoal faise en función do número de residentes e do seu nivel de dependencia, isto é, en función das necesidades existentes en cada momento. Polo tanto, a rateo actualízase en función da evolución do nivel de dependencia das persoas usuarias, polo que non é estática no tempo.

A este respecto compróbase que o cadro de persoal do centro cumpre como mínimo o esixido pola normativa de aplicación: 0,20 traballadores/as de atención directa por cada persoa usuaria autónoma ou con dependencia leve ou moderada (grao I, escala Barthel de 51 a 100 puntos) e 0,35 traballadores por cada usuario/a con dependencia severa ou gran dependencia (grao II e III e escala Barthel de 0 a 50 puntos).

Cómpre indicar que no cómputo da rateo mínima de persoal tense en conta a efectiva substitución do persoal. Non se computan traballadores/as de baixa médica, vacacións, permisos, licenzas e excedencias. Tampouco se ten en conta ao persoal voluntario nin ao persoal en prácticas aos efectos de calcular a rateo. É dicir, e a modo de exemplo, unha persoa traballadora que se atopa de baixa por enfermidade por incapacidade temporal e non está substituída, non se computa na rateo de persoal. Isto mesmo ocorre coas persoas traballadoras que se atopan desfrutando das vacacións anuais ou en situación de excedencia.

Por outra banda cómpre sinalar que a Xunta de Galicia ten definida a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, a través do Decreto 149/2013, do 5 de setembro. Esta carteira configúrase como o instrumento mediante o cal se relacionan as modalidades e prestacións que integran o contido dos servizos previstos no catálogo regulado na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Asemade, actualmente a Consellería de Política Social está a traballar no decreto de desenvolvemento desta carteira de servizos, onde se establecerán os novos requisitos para a prestación dos devanditos servizos.

Deste xeito, con esta nova norma defínense os requisitos e os estándares de calidade que determinarán a concesión da acreditación dos servizos sociais para a promoción da autonomía



persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, promovendo a calidade do sistema galego de servizos sociais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:13
Nº Rexistro: 54722
Data envío: 02/09/2019 09:58:13.666

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:58:09

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42987** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona María Julia Rodríguez Barreira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia cara ao incremento da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas de titularidade autonómica”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 42986, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de xuño de 2019, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas lembrou que a Xunta está a intensificar as accións de sensibilización e formación en materia de seguridade viaria para protexer aos usuarios máis vulnerables das estradas. Neste sentido, puxo en valor a concienciación dos máis cativos, mediante a campaña “O corazón está do teu lado”, que chegará a 40 colexios para ofrecerlles aos rapaces consellos e normas básicas de seguridade viaria; tamén a campaña pola que a Xunta está a distribuír, ata 2020, 33.000 prendas reflectoras entre peóns e ciclistas; a identificación de rutas ciclistas protexidas en 12 treitos de estradas frecuentadas por ciclistas deportivos; ou o reforzo da seguridade dos motoristas, a través de cursos de conducción segura que se veñen impartindo cada ano e coa instalación de sistemas de protección nas estradas autonómicas para este colectivo.

Así mesmo, referiuse a outras medidas como o Plan de Sendas de Galicia, coa execución de itinerarios peonís e ciclistas seguros nas marxes das estradas autonómicas; á estratexia da Xunta para ter actuado, en 2020, en todos os treitos de concentración de accidentes existentes



nas estradas autonómicas; ou ás actuacións encamiñadas a favorecer a seguridade viaria dos peregrinos, a través de proxectos como a mellora da integración paisaxística das entradas dos Camiños á súa chegada a Compostela.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-06-06?part=2d795417-a52a-4e60-b505-43fb9f7a4578&start=10085>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-06-06?part=2d795417-a52a-4e60-b505-43fb9f7a4578&start=10856>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:04
Nº Rexistro: 54721
Data envío: 02/09/2019 09:58:04.994

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:58:01

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

n relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42994** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia tras coñecerse o cobro de tarifas indebidas por parte da concesionaria da AP-53, no treito entre Lalín e Silleda”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os primeiros días de 2019 detectouse o cobro de sobreprezos na autoestrada Santiago-Lalín, na AP-53. Ao coñecer as denuncias das persoas usuarias, persoal da Consellería de Infraestruturas desprazouse á zona, onde puido comprobar que, nos percorridos entre Lalín e Silleda, se estaba a cobrar unha peaxe superior á estipulada para este treito. O 7 e o 8 de xaneiro a Xunta de Galicia comunicou esta situación ao Ministerio de Fomento e demandoulle a súa corrección inmediata, corrección que a concesionaria realizou nos días seguintes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:49
Nº Rexistro: 54719
Data envío: 02/09/2019 09:57:49.744

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:57:46

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43121** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da incorporación da representación social das empresas electrointensivas e expertos na regulación do sistema eléctrico á Comisión Técnica sobre a Industria Electrointensiva Galega”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da pregunta 43119 que tivo lugar na sesión do 7 de marzo de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-03-07?part=d1ef5fcc-21c6-47c5-bbf1-ae8f74797831&start=2358>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:51
Nº Rexistro: 54713
Data envío: 02/09/2019 09:56:51.603

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:56:47

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 43152**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado do procedemento de recoñecemento da "Universidad Internacional de la Empresa" (UIE) iniciado polo padroado de Afundación o pasado mes de outubro de 2018”**, (publicada no BOPG número 417, do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en varias ocasións, sempre deixando constancia de que calquera decisión ao respecto ten que axustarse ao cumprimento da normativa vixente, tanto de ámbito estatal como autonómica.

En concreto, o procedemento e o estado no que se atopa este proxecto foi exposto nas respostas ofrecidas nas seguintes iniciativas:

Pregunta oral 39084, debatida na Comisión 4ª de data 14/12/2018. A resposta pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-12-14>

Pregunta oral 51622, debatida no Pleno do Parlamento de Galicia de data 27/06/2019. A resposta pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-ordinario-2019-06-26?part=49c1a620-09cc-4935-be97-219eda29e60d&start=12485>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:24
Nº Rexistro: 54710
Data envío: 02/09/2019 09:56:24.978

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:56:21

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número 43155, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre “**as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e porcos polo virus da peste porcina africana**”, (publicada no BOPG número 417, do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“En relación as medidas preventivas de infección en xabarís, cómpre indicar que desde hai máis de 10 anos desenvólvese anualmente a nivel nacional o Programa de Vixilancia Sanitaria da Fauna Silvestre, no que se inclúen medidas específicas para a detección precoz do virus da PPA. Dentro deste programa, existen a nivel nacional unhas fraccións de mostraxe anual en xabaril asignadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) para cada Comunidade Autónoma; fraccións que Galicia cumpriu en todas as anualidades do citado programa.

A CMR desde o pasado mes de outubro, reforzou significativamente o Plan estratéxico de bioseguridade en explotacións porcinas.

Ademais desta medida, cómpre indicar que historicamente lévase a cabo un Programa Anual de Vixilancia das Enfermidades do Gando Porcino que no ano 2014, debido ao aumento do risco de entrada no noso país da PPA, trala extensión da enfermidade a novos territorios do leste de Europa, foi reforzado e que foi novamente reforzado en outubro de 2018 tras a detección de casos de PPA en xabarís en Bélxica.

En concreto o reforzo da vixilancia consistiu en:

- Aumento do número de controis de partidas de entrada de movemento intracomunitario.
- Controis das condicións de limpeza e desinfección de vehículos provenientes de países de risco.
- Programa de reforzo da bioseguridade en explotacións porcinas.
- Diminución/cese de movementos de entrada desde países de risco.



- Ampliación da vixilancia en matadoiros.
- Vixilancia nas poboacións de xabarís:

Verbo de se se ten previsto adoptar algunha campaña informativa relativa a esta praga que se está estendendo por Europa, dicir que se a consideración se refire á extensión da Peste Porcina Africana, que en ningún caso podería ser considerada como praga, a CMR ten desenvolvidas diversas actuacións de divulgación e sensibilización fronte ao risco de entrada desta enfermidade no noso territorio, sinalándose en todas elas a importancia do xabaril en relación con esta enfermidade e a necesidade de establecer medidas de bioseguridade para evitar o contacto porco-xabaril, así como evitar o contacto dos xabarís con restos de produtos de consumo humano de orixe porcino ou de xabaril que podan ser unha fontes de contaxio da PPA.

Estas actuacións son:

- Publicación de información relativa á PPA na páxina web da CMR: medidas de bioseguridade, sintomatoloxía, información para cazadores
http://mediorural.xunta.gal/areas/gandaria/sanidade_animal/peste_porcina_africana/
- Comunicación regular coas Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira e empresas do sector porcino.
- Edición e distribución do seguinte material divulgativo:
 - Dous pósters proporcionados pola interprofesional do porco branco (Interporc-MAPA): bioseguridade en granxa e bioseguridade en transporte, a todas as Oficinas Agrarias Comarcais da CMR.
 - Díptico informativo sobre medidas de bioseguridade, enviado por correo postal a todas as explotacións de porcino rexistradas (industriais e reducidas).
 - Póster sobre bioseguridade en explotación, para a súa distribución a todas as explotacións industriais.
 - Póster sobre bioseguridade no transporte, ás tres asociacións galegas de transportistas (neste caso entregouse tamén o póster de bioseguridade no transporte editado por Interporc-MAPA).
 - Póster informativo (Interporc-MAPA) remitido á Consellería de Sanidade sobre vixilancia sanitaria de PPA no sacrificio de porcino, para a súa distribución aos matadoiros galegos.





- Cartel e folia informativa relacionado cos riscos de contaminación por produtos cárnicos de porcino ou xabaril de consumo humano aos que poidan acceder xabarís silvestres que foron distribuídos:
 - Ás unidades de tráfico da Garda Civil, para entrega aos condutores de vehículos de transporte procedentes de países de risco, durante as súas tarefas rutinarias de control de tráfico.
 - Ás empresas de distribución de combustible, para colocación en gasolineras e puntos de servizo da rede de estradas.
 - Ás tres asociacións galegas de transportistas.
- Así mesmo, a CMR ven realizando actividades formativas e de sensibilización entre os sectores implicados.

Engadir, por último, que no ano 2014 encargouse á Universidade de Vigo un estudio da estima da distribución da especie inferida a partir de datos de capturas, de accidentes e de danos a cultivos. Con todo, dada a fenoloxía desta especie o dato que se emprega principalmente como obxectivo e indicativo para a estima da súa tendencia poboacional é o número de exemplares capturados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:17
Nº Rexistro: 54709
Data envío: 02/09/2019 09:56:17.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:56:13

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43300** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias que tivo para as persoas usuarias a eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal-065 experimentou unha importante reformulación no ano 2014, a través de dúas normas. Por unha banda, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que inclúe no seu ámbito de aplicación o transporte adaptado e asistido na súa modalidade regular e, por outra o Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, e que dá cobertura ás necesidades de transporte adaptado e asistido de carácter puntual.

Así pois, dependendo da Dirección Xeral de Maiores e de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia está a funcionar o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP 065) como un servizo público de carácter social mediante o que vehículos de transporte adaptado facilitan desprazamentos programados e non urxentes, con carácter non regular, para atender a prestación de servizos puntuais a persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilización do transporte público colectivo motivada pola súa situación de discapacidade ou dependencia (modelo de xestión de servizos baixo demanda).

O acceso ás prestacións do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal estará condicionado a que as necesidades de transporte non poidan ser cubertas de maneira satisfactoria polos medios convencionais de transporte público de uso xeral, unha vez que



se incorporen a estes os sistemas de adaptación precisos.

Este servizo de transporte adaptado ten como finalidade:

-Poñer á disposición das persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de usar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade.

-Favorecer o acceso, en condicións de igualdade efectiva, ás persoas con discapacidade e/ou ás persoas en situación de dependencia aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal así como a súa participación no contorno habitual.

Ademais das prestacións vinculadas ao Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia (SAAD) cómpre indicar que a Consellería de Política Social ten concertadas prazas coas entidades de iniciativa social para a atención aos distintos tipos de discapacidade, nunha variada tipoloxía de centros: centros ocupacionais, centros de día, residencia de persoas adultas con centro ocupacional, residencia de dependentes con centro de día.

Ter recoñecida a condición de persoa usuaria é requisito previo para poder solicitar e prestar a concesión efectiva dos servizos solicitados.

Poderán obter a condición de persoa usuaria do servizo as persoas residentes en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade.
- b) Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos conforme a normativa que sexa de aplicación ou ter recoñecido, conforme a normativa aplicable, un grao de discapacidade igual o superior ao 75%. Excepcionalmente poderán obter a condición de persoa usuaria aquelas persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e inferior ao 75%, sempre que se acredite a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado e así conste no informe social unificado.

A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para Persoas con Discapacidade e/ou en situación de dependencia procurará cubrir as necesidades de desprazamento das persoas que teñan recoñecida a condición de usuarias do servizo no



ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte orde de prioridades:

- a) Acudir a consultas médicas do sistema público e concertado ou das mutualidades de funcionarios públicos, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario, e sempre que exista unha confirmación de cita previa para acudir á consulta, para o cal o órgano competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia poderá realizar as comprobacións previas oportunas.
- b) Traslados aos centros asistenciais do Sistema galego de servizos sociais que prestando servizo de aloxamento, de carácter permanente ou temporal, non dispoñan de servizo de transporte, e prioritariamente aos que contén con financiamento público.
- c) Acudir a programas ou actividades que se presten prioritariamente en centros do Sistema galego de servizos sociais que contén con financiamento público, e que non dispoñan de servizo de transporte.
- d) Asistir a actividades de carácter educativo e formativo que favorezan a integración laboral e a promoción da autonomía persoal, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema público educativo.
- e) Asistir a actividades relacionadas co coidado persoal, tanto a nivel terapéutico como rehabilitador.

Sempre que estean cubertas as prioridades anteriores e exista dispoñibilidade de medios, poderanse prestar servizos para as seguintes actividades, e pola seguinte orde de prioridade:

- a) Realizar xestións de carácter legal e/ou administrativo.
- b) Asistir a actividades de carácter cultural, deportivas e/ou sociais.

A realización efectiva da prestación deste servizo é realizada pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia indirectamente, a través das modalidades establecidas na lexislación de contratos das administracións públicas.

Os principais datos cuantitativos relativos á prestación do servizo durante o ano 2018 son os seguintes:

A 31 de decembro de 2018, máis de 6.000 cidadáns galegos tiñan recoñecida a condición



de persoa usuaria do SGAMP-065. Nese exercicio realizáronse un total de 64. 295 servizos, que representan unha media mensual de ao redor de 79.745 quilómetros, polo que neste exercicio se superaron os 956.939 quilómetros realizados.

Finalmente sinalar que a nova licitación do novo Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do pasado 11 de xullo, prevé unha duración inicial do contrato de dous anos con posibilidade de prórroga, ata acadar os cinco anos máximos de duración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:55:40
Nº Rexistro: 54706
Data envío: 02/09/2019 09:55:40.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:55:36

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43338** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a convocatoria para a creación das casas do maior e os criterios que se van ter en conta á hora de escoller os concellos nos que se sitúen”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As Casas do Maior, servizo pioneiro que impulsa a Xunta de Galicia para ofrecer un recurso de atención ás persoas que superan os 60 anos de idade e que residen en municipios de carácter eminentemente rural (menos de 5.000 habitantes).

A convocatoria pública de axudas para a posta en marcha de Casas do Maior, en réxime de concorrencia competitiva garante os principios de obxectividade, igualdade e publicidade que rexe en todo procedemento administrativo.

De conformidade co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, constituirase como órgano colexiado unha comisión de valoración que realizará a selección e emitirá os informes correspondentes para o outorgamento das axudas.

Establécense como criterios de valoración a inexistencia de recursos comúns de atención ás persoas maiores nos concellos onde pretenda implantarse a Casa do Maior e a contribución á integración laboral de persoas en situación de especial protección coma son parados de longa duración, menores de 35 anos, maiores de 55 anos, persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e vítimas de violencia de xénero.



Todos os actos administrativos relativos ao procedemento de concesión serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia, adicionalmente serán obxecto de publicidade a través do Portal de Benestar da Consellería de Política Social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:55:24
Nº Rexistro: 54704
Data envío: 02/09/2019 09:55:24.603

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:55:21

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43339** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a convocatoria para a creación das casas do maior e os requisitos profesionais que se lles exixirán ás persoas que vaian atender directamente as persoas maiores nestas casas”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Poderán ser beneficiarias destas axudas para pór en marcha unha casa do maior as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou contar, polo menos, cunha persoa socia que o estea, no caso de cooperativas de traballo asociado, de calquera das titulacións que se recollen a continuación, ou equivalentes, ou da formación ou experiencia seguinte:

1º. Grao en Medicina.

2º. Grao en Enfermería.

3º. Título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico Auxiliar de Clínica, técnico Auxiliar de Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermería, que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

4º. Título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.



5º. Título de técnico superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico superior en Integración Social, establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do presente acordo, estean traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.

6º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

7º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

8º. Diploma que acredite a realización de cursos de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior. O curso ten unha duración de 30 horas impartido dende o día 08.02.2019 pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

b) Residir en concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes de acordo co previsto no artigo 1 da orde ou telo feito nos cinco anos anteriores á posta en marcha da experiencia piloto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:55:16
Nº Rexistro: 54703
Data envío: 02/09/2019 09:55:16.557

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:55:12

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43343** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos obxectivos previstos na Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia”, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución Española, no seu artigo 149.1.1ª, atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes constitucionais. En base a esta competencia, o Consello de Ministros aproba a financiación do nivel mínimo de protección para a atención ás persoas en situación de dependencia atendidas no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Así o establece tamén o artigo 7.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. O artigo 9 da mesma lei establece que a financiación pública do nivel mínimo de protección garantido para cada beneficiario do Sistema, segundo o seu grao de dependencia correrá a conta da Administración Xeral do Estado.

O artigo 7 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia tamén establece no seu punto terceiro que a protección da situación de dependencia por parte do Sistema prestarase tamén de acordo co nivel adicional de protección que poida establecer cada Comunidade Autónoma. O artigo 11.2 da mesma lei tamén engade que as Comunidades Autónomas, de conformidade co artigo 7, poderán definir, con cargo aos seus orzamentos, niveis de protección adicionais ao fixado pola Administración Xeral do Estado en aplicación do artigo



9, para as que poderán adoptar as normas de acceso e desfrute que consideren máis adecuadas.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias e con cargo aos seus orzamentos, pode definir, polo tanto, niveis de protección adicionais ao fixado polo Estado. Completado o primeiro obxectivo de ampliar o número de persoas en situación de dependencia atendidas, a Xunta de Galicia aposta pola seguinte prioridade, o aumento das coberturas establecendo un nivel de protección adicional con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que que permitiu elevar, entre outras, as libranzas de coidados no contorno familiar.

Estas medidas benefician ás persoas en situación de dependencia, tanto as que perciban na actualidade as libranzas obxecto de incremento coma as que as poidan percibir no futuro. A actualización das contías farase de oficio sen que a persoa en situación de dependencia teña que facer ningún trámite para elo. Ningunha das medidas propostas supuxo por tanto ningún prexuízo nin impuxo ningún tipo de obriga aos destinatarios da norma.

Respecto da súa tramitación, non hai constancia de retrasos significativos nos pagos das nóminas da libranza. Estas se tramitan a finais do mes e pode demorar uns días mentres se fiscalizan nas intervencións territoriais para tramitar o correspondente pago.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:55:01
Nº Rexistro: 54701
Data envío: 02/09/2019 09:55:01.416

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:54:57

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43345** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos obxectivos previstos en relación coa creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais**”, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demandan estas iniciativas xa foi facilitada no Parlamento o pasado día 10 de abril do 2019, ao darlle resposta á interpelación con número de rexistro 29769 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Remitímonos ao alí exposto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:54:46
Nº Rexistro: 54699
Data envío: 02/09/2019 09:54:46.432

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:54:42

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43347** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o balance que fai a Xunta de Galicia respecto da concesión de prestacións económicas na contorna familiar de persoas en situación de dependencia nos últimos anos na comunidade autónoma**”, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución Española, no seu artigo 149.1.1ª, atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes constitucionais. En base a esta competencia, o Consello de Ministros aproba a financiación do nivel mínimo de protección para a atención ás persoas en situación de dependencia atendidas no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Así o establece tamén o artigo 7.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. O artigo 9 da mesma lei establece que a financiación pública do nivel mínimo de protección garantido para cada beneficiario do Sistema, segundo o seu grao de dependencia correrá a conta da Administración Xeral do Estado.

O artigo 7 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia tamén establece no seu punto terceiro que a protección da situación de dependencia por parte do Sistema prestarase tamén de acordo co nivel adicional de protección que poida establecer cada Comunidade Autónoma. O artigo 11.2 da mesma lei tamén engade que as Comunidades Autónomas, de conformidade co artigo 7, poderán definir, con cargo aos seus orzamentos, niveis de protección adicionais ao fixado pola Administración Xeral do Estado en aplicación do artigo



9, para as que poderán adoptar as normas de acceso e desfrute que consideren máis adecuadas.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias e con cargo aos seus orzamentos, pode definir, polo tanto, niveis de protección adicionais ao fixado polo Estado. Completado o primeiro obxectivo de ampliar o número de persoas en situación de dependencia atendidas, a Xunta de Galicia aposta pola seguinte prioridade, o aumento das coberturas establecendo un nivel de protección adicional con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que que permitiu elevar, entre outras, as libranzas de coidados no contorno familiar.

Estas medidas benefician ás persoas en situación de dependencia, tanto as que perciban na actualidade as libranzas obxecto de incremento coma as que as poidan percibir no futuro. A actualización das contías farase de oficio sen que a persoa en situación de dependencia teña que facer ningún trámite para elo. Ningunha das medidas propostas supuxo por tanto ningún prexuízo nin impuxo ningún tipo de obriga aos destinatarios da norma.

Respecto da súa tramitación, non hai constancia de retrasos significativos nos pagos das nóminas da libranza. Estas se tramitan a finais do mes e pode demorar uns días mentres se fiscalizan nas intervencións territoriais para tramitar o correspondente pago.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:54:30
Nº Rexistro: 54697
Data envío: 02/09/2019 09:54:30.057

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:54:24

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:54:19
Nº Rexistro: 54696
Data envío: 02/09/2019 09:54:19.447
Data 02/09/2019 09:54

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43354** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do estado de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, por causa do corte físico da estrada OU-0807”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 33918, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 415, do 21 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:54:19
Nº Rexistro: 54696
Data envío: 02/09/2019 09:54:19.447

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:54:11

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:54:06
Nº Rexistro: 54695

Data envío: 02/09/2019 09:54:06.697

Data 02/09/2019 09:54

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43365**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre “**o modelo de desenvolvemento eólico elixido pola Xunta de Galicia**”, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da pregunta 43364 que tivo lugar na sesión do 23 de abril de 2019 da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-04-23?part=a864e6a1-5b97-496e-8f71-73ad397b4bf3&start=133>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

página 1 de 1

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:54:06
Nº Rexistro: 54695
Data envío: 02/09/2019 09:54:06.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:54:03

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43489** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o actual estado da execución das obras do terceiro treito da Autovía do Morrazo e a previsión para a súa posta en servizo”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o pasado 21 de xuño está en servizo a totalidade da Autovía do Morrazo, 11,1 km de autovía libres de peaxe, logo dun investimento da Xunta de 55,6 millóns de euros. Ese día abríronse ao tráfico os algo máis de 3,8 km correspondentes ao terceiro treito da autovía, entre o enlace de Meira e o primeiro enlace de Cangas, que se viñeron sumar aos 7 quilómetros correspondentes aos dous primeiros treitos da autovía, entre Rande e Meira, que estaban en servizo xa desde o 11 de maio de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:47:02
Nº Rexistro: 54690
Data envío: 02/09/2019 09:47:02.900

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:46:59

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43493** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o avance na execución das obras do viario de acceso ao polígono de San Cibrao das Viñas dende a A-52**”, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** , que ten o seguinte contido:

“Nunha visita recente ás obras, concretamente o pasado 7 de agosto, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou que os traballos da nova conexión directa do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa autovía A-52 avanza a bo ritmo, sendo o grado de execución actual de preto do 50%.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade detallou que, concretamente, no viaduto de San Benito, xa están feitas as cimentacións e executados os fustes e capiteis das pilas do viaduto, restando só os estribos e o taboleiro.

Tamén está avanzado o movemento de terras en toda a traza e os traballos no resto de estruturas. Isto, segundo indicou, permitirá que esta vía de novo trazado, que supón un investimento da Xunta próximo aos 22 millóns de euros, poida estar en servizo e á disposición de transportistas, veciños e usuarios a mediados de 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:46:48
Nº Rexistro: 54688
Data envío: 02/09/2019 09:46:48.010

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:46:44

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43523** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións respecto á posta en marcha da estación de autobuses de Celanova”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Celanova foron revertidos ao Concello mediante a sinatura da correspondente acta o 22 de setembro de 2011. Desde ese momento o inmovible pertence ao Concello de Celanova, que será quen determine o uso que lle dará a esas instalacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:46:32
Nº Rexistro: 54686
Data envío: 02/09/2019 09:46:32.150

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:46:28

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43525** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións respecto ao inicio da construción da residencia de maiores de Ourense”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Para esta nova residencia de maiores prevese un orzamento de aproximadamente 9 millóns de euros, a executar durante o proceso da súa licitación, construción e posta en funcionamento.

A residencia disporá de 120 prazas de atención residencial e situarase na zona do Vinteún.

Prevese a creación de aproximadamente 60 postos de traballo directos e que conte con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:46:17
Nº Rexistro: 54684
Data envío: 02/09/2019 09:46:17.400

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:46:13

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43537** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións respecto ao inicio da construción da residencia de maiores da Coruña”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Para esta nova residencia de maiores na cidade da Coruña, está previsto un orzamento de aproximadamente 10 millóns de euros, a executar durante o proceso da súa licitación, construción e posta en funcionamento.

A residencia disporá de 150 prazas de atención residencial e prevese que conte con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas.

Situarase na zona de Eirís e con ela prevese a creación de aproximadamente 75 postos de traballo directos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:45:58
Nº Rexistro: 54682
Data envío: 02/09/2019 09:45:58.947

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:45:54

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43541** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións respecto ao inicio da construción da residencia de maiores de Lugo”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Para esta nova residencia de maiores na cidade de Lugo está previsto un orzamento de aproximadamente 9 millóns de euros, a executar durante o proceso da súa licitación, construción e posta en funcionamento.

Esta residencia disporá de 120 prazas de atención residencial e prevese que dispoña de unidades xeriátricas e psicoxeriátricas.

A nova residencia situarase no barrio da Residencia. Con ela prevese a creación de aproximadamente 60 postos de traballo directos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:45:41
Nº Rexistro: 54680
Data envío: 02/09/2019 09:45:41.713

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:45:38

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 43553** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións respecto ao inicio da construción da residencia de maiores de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Para esta nova residencia na cidade de Pontevedra, está previsto un orzamento de aproximadamente 9 millóns de euros, a executar durante o proceso da súa licitación, construción e posta en funcionamento.

Esta residencia disporá de 120 prazas de atención residencial e situarase na zona da Parda. Prevese que conte con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas.

Con esta residencia prevese a creación de aproximadamente 60 postos de traballo directos.”

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 42787, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) número 477, do 15 de maio de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:58:35
Nº Rexistro: 54724
Data envío: 02/09/2019 09:58:35.760

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:58:32

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

n relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42993** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia tras coñecerse o cobro de tarifas indebidas por parte da concesionaria da AP-53, no treito entre Lalín e Silleda”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os primeiros días de 2019 detectouse o cobro de sobreprezos na autoestrada Santiago-Lalín, na AP-53. Ao coñecer as denuncias das persoas usuarias, persoal da Consellería de Infraestruturas desprazouse á zona, onde puido comprobar que, nos percorridos entre Lalín e Silleda, se estaba a cobrar unha peaxe superior á estipulada para este treito. O 7 e o 8 de xaneiro a Xunta de Galicia comunicou esta situación ao Ministerio de Fomento e demandoulle a súa corrección inmediata, corrección que a concesionaria realizou nos días seguintes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:57
Nº Rexistro: 54720
Data envío: 02/09/2019 09:57:57.572

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:57:54

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43035** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o procedemento, a coordinación con outras administracións, os resultados e a conveniencia fronte a unha Lei de transición hidrolóxica, da revisión do Plan hidrolóxico da demarcación Galicia Costa 2015-2021”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xuño-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta, a través de Augas de Galicia, segue a avanzar na revisión da planificación hidrolóxica da Demarcación hidrográfica Galicia-Costa vixente ata o ano 2021, e no mes de xullo ten iniciado un novo proceso de participación coa publicación, no Diario Oficial de Galicia, da proposta do documento que engloba os temas máis importantes para o novo ciclo 2021-2027.

Polo tanto, neste momento estase co terceiro ciclo de planificación (2021-2027), traballando na revisión e actualización do Plan Hidrográfico Galicia Costa. Na actualidade finalizouse a etapa preliminar do ciclo, coa publicación dos Documentos Iniciais, que estiveron sometidos a consulta pública durante 6 meses desde o pasado 19 de outubro; e acaba de comezar a consulta pública do Esquema Provisional de Temas Importantes. Na busca da máxima participación na elaboración deste plan de especial relevancia para toda a cidadanía, o documento estará dispoñible para a súa consulta e a realización de propostas e suxestións durante 6 meses.

Pódese salientar dentro dos temas recollidos, o de mellora da gobernanza na xestión da auga como un dos grandes retos a abordar neste novo período, que afecta a coordinación



interadministrativa, participación activa da cidadanía, xestión da información, educación ambiental ou transparencia.

A Xunta vén cumprindo os prazos que se tiñan marcando a nivel nacional no proceso de elaboración do Plan para o novo ciclo 2021-2027”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:42
Nº Rexistro: 54718
Data envío: 02/09/2019 09:57:42.463

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:57:38

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:20
Nº Rexistro: 54715

Data envío: 02/09/2019 09:57:20.338

Data 02/09/2019 09:57

g OIICIO

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43064**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, dona María Luisa Pierres López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a xestión por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do expediente coa solicitude de autorización da empresa Racso Soluciones S.L. para actuar como xestor de valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil no polígono de Botos, en Lalín”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación á tramitación do proxecto, realizouse un trámite de avaliación ambiental simplificado porque era o que lle correspondía segundo establece a Lei de avaliación ambiental. No marco deste trámite, foi efectuada consulta ao Concello de Lalín, que non recibiu resposta, tal e como consta no texto do informe de impacto ambiental que se pode consultar na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que ten unha vixencia de catro anos dende a súa publicación. En canto á resolución de caducidade, foi notificada ao Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: BOPGDSPGDdeajNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:20
Nº Rexistro: 54715
Data envío: 02/09/2019 09:57:20.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:57:16

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43065**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego en relación coa instalación e o funcionamento dunha planta de compostaxe nos terreos de Sogama na provincia de A Coruña, así como a execución das oito plantas de compostaxe previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG)”**, (publicada no BOPG número 414, do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A nova planta de compostaxe de Sogama, xa construída e equipada, dará servizo aos concellos que se atopan nun radio de acción duns 45 quilómetros, aproximadamente. O sistema está pensado e articulado en coherencia coa recollida selectiva propia do modelo Sogama, polo que a previsión é que os concellos contén co denominado quinto contedor (de cor marrón) para a recollida segregada da fracción orgánica contida nos residuos urbanos. O depósito do lixo para compostar farase na propia planta de compostaxe.

Sogama xa amosou a súa disposición a cooperar e a apoiar as campañas informativas, formativas e de concienciación social que os concellos poñan en marcha para lograr unha alta calidade na selección da materia orgánica e dar debido cumprimento aos obxectivos de valorización desta fracción.

O Goberno galego ten intención de ir facendo realidade as plantas de compostaxe previstas no PXRUG. Non obstante, é preciso sinalar que esta previsión non implica que a Xunta de Galicia asuma a responsabilidade do financiamento e posta en marcha destas instalacións, toda vez que a xestión dos residuos é unha competencia exclusiva e de responsabilidade directa das entidades locais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:12
Nº Rexistro: 54714
Data envío: 02/09/2019 09:57:12.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:56:55

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43233**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Oporto no Corredor Atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013 do Parlamento e do Consello Europeo”**, (publicada no BOPG número 418, do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada saída sur de Vigo forma parte do trazado da Rede Básica Europea de transportes, polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios da próxima convocatoria do ‘Mecanismo Conectar Europa’.

O director xeral de Mobilidade da Xunta foi informado neste sentido polos representantes da Comisión Europea no transcurso da reunión do grupo de traballo sobre o Corredor Atlántico que a Dirección Xeral de Transporte da UE celebrou no mes de xuño en Bruxelas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:02
Nº Rexistro: 54707
Data envío: 02/09/2019 09:56:02.307

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:55:58

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43488** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o actual estado da execución das obras do terceiro treito da Autovía do Morrazo e a previsión para a súa posta en servizo**”, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o pasado 21 de xuño está en servizo a totalidade da Autovía do Morrazo, 11,1 km de autovía libres de peaxe, logo dun investimento da Xunta de 55,6 millóns de euros. Ese día abríronse ao tráfico os algo máis de 3,8 km correspondentes ao terceiro treito da autovía, entre o enlace de Meira e o primeiro enlace de Cangas, que se viñeron sumar aos 7 quilómetros correspondentes aos dous primeiros treitos da autovía, entre Rande e Meira, que estaban en servizo xa desde o 11 de maio de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:47:10
Nº Rexistro: 54691
Data envío: 02/09/2019 09:47:10.557

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:47:06

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43492** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o avance na execución das obras do viario de acceso ao polígono de San Cibrao das Viñas dende a A-52**”, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** , que ten o seguinte contido:

“Nunha visita recente ás obras, concretamente o pasado 7 de agosto, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou que os traballos da nova conexión directa do polígono industrial de San Cibrao das Viñas coa autovía A-52 avanza a bo ritmo, sendo o grado de execución actual de preto do 50%.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade detallou que, concretamente, no viaduto de San Benito, xa están feitas as cimentacións e executados os fustes e capiteis das pilas do viaduto, restando só os estribos e o taboleiro.

Tamén está avanzado o movemento de terras en toda a traza e os traballos no resto de estruturas. Isto, segundo indicou, permitirá que esta vía de novo trazado, que supón un investimento da Xunta próximo aos 22 millóns de euros, poida estar en servizo e á disposición de transportistas, veciños e usuarios a mediados de 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:46:55
Nº Rexistro: 54689
Data envío: 02/09/2019 09:46:55.463

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:46:52

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **43524** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a construción e posta en funcionamento da estación de autobuses de Celanova**”, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Celanova foron revertidos ao Concello mediante a sinatura da correspondente acta o 22 de setembro de 2011. Desde ese momento o inmovible pertence ao Concello de Celanova, que será quen determine o uso que lle dará a esas instalacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:46:24
Nº Rexistro: 54685
Data envío: 02/09/2019 09:46:24.900

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:46:21

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 43847** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego ao respecto do apoio económico ao Concello de Corcubión para a revisión e actualización do seu Plan especial de protección do casco histórico e o coñecemento das consecuencias da súa actual falta de vixencia”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta autorizou o xoves 18 de xullo a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos de Corcubión e Betanzos para a redacción -e actualización ao marco normativo vixente- do Plan Especial de Protección e Ordenación de ambos cascos históricos (PEPOCH). Os dous convenios suman un importe de 250.000 euros.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:42:14
Nº Rexistro: 54655
Data envío: 02/09/2019 09:42:14.572

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:42:08

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 42294** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre o proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC, impulsado pola Universidade da Coruña en colaboración co Clúster TIC Galicia”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da interpelación 42295 que tivo lugar na sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-01-30?part=05fa84e9-f3d4-490d-8a50-fd44bcec2d7b&start=7424>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:03:06
Nº Rexistro: 54758
Data envío: 02/09/2019 10:03:06.635

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:03:03

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43627** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os convenios, subvencións e axudas outorgadas pola Consellería de Facenda ao concello de Cerdedo-Cotobade nos exercicios 2016, 2017 e 2018”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Facenda non asinou ningún convenio, nin concedeu ningunha axuda ou subvención ao concello de Cercedo-Cotobado nos exercicios 2016, 2017 e 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:44:03
Nº Rexistro: 54669
Data envío: 02/09/2019 09:44:03.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:43:58

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43628** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os convenios, subvencións e axudas outorgadas pola Consellería de Facenda ao concello de Oza-Cesuras nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Facenda non asinou ningún convenio, nin concedeu ningunha axuda ou subvención ao concello de Oza-Cesuras nos exercicios 2014,2015, 2016, 2017 e 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:43:54
Nº Rexistro: 54668
Data envío: 02/09/2019 09:43:54.838

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:43:51

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 42668** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o estado no que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“No período estival, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está a realizar obras de reforma integral e mellora da eficiencia enerxética nos tres edificios que compoñen o colexio plurilingüe Virxe do Carme, nas que se investen 860.297 euros. A actuación inclúe un novo sistema de illamento térmico nas fachadas (sistema SATE) e na cuberta dos edificios empregando paneis de lá de roca. Tamén se procederá ao pintado das fachadas, aulas e corredores e á substitución do solado exterior con baldosa de formigón e do interior con linóleo.

Ademais, substituiranse as actuais ventás por unhas novas con aluminio oscilobatente con dobre cristal e cámara de aire intermedia e un vidro acústico e de seguridade, e cambiaranse todas as caixas das ventás e persianas por modelos de aluminio en color natural e illamento reforzado.

Actuarase no sistema de iluminación, coa substitución completa das luminarias existentes por equipos LED de alta eficiencia enerxética, con regulación e detectores de presenza emprazados estratexicamente nas zonas comúns. Así mesmo, está previsto o subministro e montaxe de falsos teitos, tamén perfectamente illados con lá



de roca. Acometerase tamén o azulexado en baños en cor branca de alta resistencia, e a renovación completa de varios aseos máis antigos (fontanería, billas) no edificio infantil e despachos.

Como traballos complementarios inclúese a apertura dun oco no tabique de conserxería (que mellora a visión da entrada do centro), e a instalación dun sistema de apertura automática no acceso principal, así como a substitución do portón principal de ferro por un de aceiro. O acceso peonil da rúa dos Castros disporá de apertura automática desde conserxería, e o que se realiza pola rúa das Escolas ampliarase para dar acceso a vehículos de grandes dimensións e camións. Finalmente procederase á inertización do depósito de gasóleo soterrado e á súa substitución por un máis seguro en superficie.

As obras que se están a realizar responden aos problemas con filtracións de auga rexistrados o pasado curso, que obrigaron a executar accións de urxencia agora completadas con estes traballos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:50
Nº Rexistro: 54734
Data envío: 02/09/2019 09:59:50.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:59:47

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número **43051**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a homologación dos cursos da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra ao ciclo medio e superior de Formación Profesional, o procedemento a seguir e as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 414, do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A Escola de Canteiros de Poio-Pontevedra, dependente da Deputación de Pontevedra, imparte na actualidade formación propia e non regrada. En concreto, estudos de cantería e de mestre/a cantería.

Desde a perspectiva educativa, a Consellería respecta e valora o prestixio da formación non regrada que recibe o alumnado deste centro –do que sabe que é demandado para traballar en diversos lugares do mundo-, pero non pode entrar en cuestións que non son da súa competencia, xa que na actualidade non son ensinanzas oficiais de FP.

Neste momento, relacionados coa pedra están definidos varios ciclos na familia profesional de Industrias extractivas e na de Edificación e Obra Civil, pero estas ensinanzas de FP teñen pouco que ver coa formación de canteiros.

Como é coñecido, existen unhas normas e uns procedementos fixados desde o Estado que debe cumprir a entidade titular da Escola de Canteiros para posibilitar o recoñecemento oficial das súas ensinanzas como formación oficial.

Segundo a normativa educativa vixente, o Goberno central pode decidir crear unha nova titulación de FP que se axuste ás ensinanzas de cantería e mestre de cantería, modificando o Catálogo Nacional de



Cualificación Profesionais. Unha vez exista ese novo título, é cando sería posible o poder facilitar a homologación ou recoñecemento dos títulos expedidos pola escola.

Por ultimo, a Consellería de Educación, Universidade e FP quere deixar constancia de que está a favor da creación e da existencia de ciclos formativos que teñan relación coa tradición e cos sectores produtivos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:34
Nº Rexistro: 54717
Data envío: 02/09/2019 09:57:34.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:57:31

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:43
Nº Rexistro: 54712

Data envío: 02/09/2019 09:56:43.963

Data 02/09/2019 09:56

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43133**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don César Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proxecto que está previsto implantar en Ourense relacionado coa innovación na Formación Profesional”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 43134, debatida no Pleno da Cámara galega do 7.05.2019, e á que nos remitimos porque serviu para explicar o acordo entre a Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia para impulsar o Centro de Innovación da FP na cidade das Burgas.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-08?part=3e665b5f-2ef2-4f14-9a0b-c234b71140e7&start=5581>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:43
Nº Rexistro: 54712
Data envío: 02/09/2019 09:56:43.963

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:56:38

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43151**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado do procedemento de recoñecemento da "Universidad Internacional de la Empresa" (UIE) iniciado polo padroado de Afundación o pasado mes de outubro de 2018”**, (publicada no BOPG número 418, do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en varias ocasións, sempre deixando constancia de que calquera decisión ao respecto ten que axustarse ao cumprimento da normativa vixente, tanto de ámbito estatal como autonómica.

En concreto, o procedemento e o estado no que se atopa este proxecto foi exposto nas respostas ofrecidas nas seguintes iniciativas:

Pregunta oral 39084, debatida na Comisión 4ª de data 14/12/2018. A resposta pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-12-14>

Pregunta oral 51622, debatida no Pleno do Parlamento de Galicia de data 27/06/2019. A resposta pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-ordinario-2019-06-26?part=49c1a620-09cc-4935-be97-219eda29e60d&start=12485>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:33
Nº Rexistro: 54711
Data envío: 02/09/2019 09:56:33.619

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:56:29

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:09
Nº Rexistro: 54708

Data envío: 02/09/2019 09:56:09.588

Data 02/09/2019 09:56

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **43169**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o coñecemento polo Goberno galego da incidencia que están a ter os recortes de profesorado nos centros escolares de Galicia e nomeadamente no Colexio Virxe da Luz de Portomarín, así como as medidas previstas para garantir o dereito á educación en igualdade de condicións no medio rural**”, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con números 40730 e 47136, publicadas no BOPG número 456, do 4.04.2019, e á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:56:09
Nº Rexistro: 54708
Data envío: 02/09/2019 09:56:09.588

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:56:06

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:53:59
Nº Rexistro: 54694

Data envío: 02/09/2019 09:53:103

Data 02/09/2019 09:53

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43389**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as razóns do incumprimento no Colexio Padre Feijóo, de Allariz, da taxa establecida de alumnado por aula”**, (publicada no BOPG número 418, do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en varias ocasións ao Parlamento de Galicia, un exemplo, é a resposta por escrito á pregunta con número 46696 e publicada no BOPG número 459 , de data 10/04/2019; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:53:59
Nº Rexistro: 54694
Data envío: 02/09/2019 09:53:59.103

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:53:52

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:53:48
Nº Rexistro: 54693

Data envío: 02/09/2019 09:53:48.010

Data 02/09/2019 09:53

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43397**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“o número de títulos universitarios que puideron ser expedidos sen as garantías necesarias, as medidas previstas polo Goberno galego para facilitarlles ás persoas afectadas un título acorde coa normativa legal e o pagamento realizado, así como as que vai adoptar para garantir a autenticidade dos títulos expedidos”**, (publicada no BOPG número 419, do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 39068, publicada no BOPG número 480, do 23/05/2019 e á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:53:48
Nº Rexistro: 54693
Data envío: 02/09/2019 09:53:48.010

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:53:39

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:46:40
Nº Rexistro: 54687

Data envío: 02/09/2019 09:46:40.432

Data 02/09/2019 09:46

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 43502, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o coñecemento por parte da Xunta de Galicia do efecto dos recortes nos centros escolares e da situación do Colexio de Portomarín e as medidas a adoptar para garantir o dereito á educación no rural**”, (publicada no BOPG número 419, do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con números 40730 e 47136, publicadas no BOPG número 456, do 04/04/2019 e á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:46:40
Nº Rexistro: 54687
Data envío: 02/09/2019 09:46:40.432

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:46:36

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:43:30
Nº Rexistro: 54665

Data envío: 02/09/2019 09:43:30.728

Data 02/09/2019 09:43

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43687**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o modelo para a contratación das concesións dos servizos de cafeterías escolares”**, (publicada no BOPG número 419, do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“En relación co asunto da pregunta, cabe sinalar que a Administración educativa seguiu un procedemento de contratación para, en cumprimento das novidades normativas, dar seguridade xurídica e garantir o bo funcionamento das cafeterías escolares.

Para máis explicación, lembramos que información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 47691 e publicada no BOPG número 481, de data 29/05/2019; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:43:30
Nº Rexistro: 54665
Data envío: 02/09/2019 09:43:30.728

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:43:27

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:42:30
Nº Rexistro: 54657

Data envío: 02/09/2019 09:42:30.072

Data 02/09/2019 09:42

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 43753**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a aplicación da resolución da Consellaría de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-2019 no CEIP Padre Feijoo, de Allariz, no segundo ciclo de educación infantil”**, (publicada no BOPG número 419, do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 36666 e publicada no BOPG número 456 , de data 04/04/2019; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:42:30
Nº Rexistro: 54657
Data envío: 02/09/2019 09:42:30.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:42:26

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 43848** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego ao respecto do apoio económico ao Concello de Corcubión para a revisión e actualización do seu Plan especial de protección do casco histórico e o coñecemento das consecuencias da súa actual falta de vixencia”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta autorizou o xoves 18 de xullo a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos de Corcubión e Betanzos para a redacción -e actualización ao marco normativo vixente- do Plan Especial de Protección e Ordenación de ambos cascos históricos (PEPOCH). Os dous convenios suman un importe de 250.000 euros.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:42:04
Nº Rexistro: 54654
Data envío: 02/09/2019 09:42:04.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:42:00

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 42377** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a valoración por parte da Xunta de Galicia do funcionamento da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA)”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia recoñece o labor exercido pola Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas –Funga- como un traballo de gran valía, que vén desenvolvendo desde o seu nacemento en 1996, e que dá unha resposta eficaz á necesaria protección xurídica, económica, patrimonial e social das persoas que teñen a súa capacidade de obrar modificada ou están incursas nun procedemento de modificación da súa capacidade, por sentenza xudicial. Considera de especial relevancia a implicación que manteñen os seus traballadores e traballadoras na atención personalizada ás persoas baixo tutela ou curadoría da Funga, así como o asesoramento e información que se presta ás súas familias.



Existe un compromiso claro e indubidable coa mellora continua do labor exercido pola Funga e por iso nos últimos anos incrementouse o orzamento destinado á fundación. Un incremento que permite seguir mellorando as condicións do traballo desenvolvido pola entidade e o equipamento preciso para que esta cumpra cos seus obxectivos fundacionais. Unido á simplificación da metodoloxía de traballo interdepartamental, á restruturação de sistemas de traballo, á mellora dos equipos informáticos e á implementación de novos protocolos de atención ás persoas usuarias, acadarase unha máis directa atención aos tutelados, promovéndose o cumprimento do obxectivo de visitas a lles realizar e afondando no seguemento social continuo de cada un deles.

A Funga segue comprometida na colaboración cos Servizos Sociais Comunitarios e co tecido social da Comunidade, co compromiso de seguir afondando nun contacto permanente e fluído con todos os estamentos, que permita prestar unha atención de cada vez maior calidade e profesionalidade, que favoreza unha atención integral das persoas baixo o amparo da entidade dunha maneira persoal e próxima.

Cómpre pór de manifesto que as circunstancias e condicións da titoría ou curadoría exercida pola Funga son variadas e con diversos condicionantes, fixados por sentenza xudicial. No referido a condutas delitivas que afecten dun xeito ou outro a persoas tuteladas pola fundación, hai que subliñar que o feito de estar baixo a garda da Funga non supón perda do dereito á liberdade e polo tanto a obriga de residir nun centro. Polo tanto, non é allea a posibilidade de que ocorran determinados sucesos ou que se asuman certos riscos. Nos casos ocorridos ata o de agora que se xudicializaron, os tribunais eximiron de responsabilidade á Funga e descartaron calquera mala praxe.

A praza de director-xerente da Funga quedou cuberta no mes de maio de 2018 tralo nomeamento aprobado polo Padroado da fundación, por ser o órgano competente na materia, e tras a oportuna deliberación, con absoluto respecto á normativa vixente. Recoñeceuse na persoa nomeada a cualificación requerida



para o desempeño do seu labor e valorouse a súa experiencia laboral na Consellería de Política Social e o seus coñecementos do eido social galego.

As súas retribucións son as contempladas nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:02:26
Nº Rexistro: 54753
Data envío: 02/09/2019 10:02:26.541

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:02:22

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 42386** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia do plan Como na Casa nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O plan *Como Na Casa* constitúe a resposta da Xunta de Galicia para garantir o avance efectivo na ampliación da cobertura asistencial á poboación galega que se encontra en situación de dependencia.

Así, aumentarase a oferta asistencial pública precisamente naqueles lugares nos que se concentra a demanda de prazas, facilitando así que as persoas maiores en situación de dependencia permanezan preto dos seus fogares e da súa contorna.

Óptase por un concurso de ideas e as novas residencias deberán construírse tendo en conta o resultado dos actuais avances arquitectónicos e tecnolóxicos e, por suposto, o benestar e a calidade de vida das persoas residentes.

Neste senso, é preciso que os centros dispoñan dun deseño arquitectónico de vangarda, innovador e que constitúa un referente no eido da prestación de servizos residenciais.

Os novos centros residenciais proxectaranse dun modo plenamente adecuado á programación interna relativa á vida dos e das residentes, cunha distribución que permita a atención diferenciada en función das necesidades conforme á situación de dependencia dos mesmos e das mesmas e, ao mesmo tempo, que posibilite a integración dos últimos adiantos tecnolóxicos na prestación dos servizos residenciais que redunde nas mellores prácticas de sustentabilidade enerxética, do uso de enerxías renovables e o aproveitamento da luz natural así como as posibilidades da contorna.



Unha das principais novidades destes centros radicarán en que todos eles dispoñerán de unidades xeriátricas e psioxeriátricas diferenciadas, é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioracións ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial. O resto das áreas das novas residencias destinaranse a: zona social, con espazos para favorecer a convivencia, desenvolver actividades e recibir visitas; atención especializada, que acollerá a consulta médica, as salas de rehabilitación, de podoloxía e de farmacia, e unha unidade de enfermería; e servizos complementarios.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, está a desenvolver un plan de obras que afecta case á totalidade dos seus centros residenciais, cun orzamento estimado de máis de 6 millóns de euros en cada unha das anualidades de 2019 e 2020.

Contéplase que as residencias de maiores dispoñan de unidades de psioxeriatría. Prevese iniciar a construción das residencias no ano 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:02:18
Nº Rexistro: 54752
Data envío: 02/09/2019 10:02:18.838

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:02:15

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 42640** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a política da Xunta de Galicia en relación ao impulso de prazas públicas no centro de día e na residencia para a Terceira Idade, no concello de Mondoñedo”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Neste momento non existe ningún procedemento para a reserva e ocupación de prazas de atención residencial no concello de Mondoñedo.

A Xunta de Galicia non vai a por en marcha un Plan de Atención á Dependencia específico no concello de Mondoñedo.

A data de hoxe estase a tramitar un procedemento de contratación para a reserva e ocupación de 10 prazas de atención diúrna terapéutica para as persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Mondoñedo (Expte. 67/2019).

Igualmente, está proxectado que proximamente se inicie a contratación de 5 prazas de estimulación terapéutica no referido concello, coa finalidade de manter as habilidades, coñecementos e condutas que aínda posúen as persoas diagnosticadas con alzhéimer, utilizando técnicas dirixidas ó adestramento nas actividades da vida diaria (AVD), orientación á realidade, estimulación cognitiva, terapia ocupacional, atención psicolóxica, logopedia, e actividades de lecer e tempo libre.



A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia establece que as persoas físicas ou xurídicas privadas, de iniciativa social ou de carácter mercantil poden actuar como entidades prestadoras de servizos sociais e, en consecuencia, crear centros de servizos sociais, así coma xestionar programas e prestacións desta natureza.

A data de hoxe o concello de Mondoñedo conta cun centro residencial con 15 prazas de atención a persoas maiores en situación de dependencia e un centro de día con 40 prazas, ambos centros impulsados por entidades de iniciativa social

Tendo isto presente, os servizos sociais poden ser prestados pola administración pública galega non só mediante xestión directa senón a través de xestión indirecta, concerto social ou convenios con entidades sen ánimo de lucro. Facendo uso das posibilidades que ofrece este marco normativo, estase a tramitar un procedemento para a ocupación e reserva de prazas de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Mondoñedo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 10:00:46
Nº Rexistro: 54741
Data envío: 02/09/2019 10:00:46.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 10:00:42

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:20
Nº Rexistro: 54730

Data envío: 02/09/2019 09:59:20.541

Data 02/09/2019 09:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42685** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego do funcionamento e estado no que se atopa a residencia de maiores de Trives (Ourense)”**, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada para dar resposta a dúas peticións de documentación (artigo 9 do Regulamento da Cámara) con números de rexistro 42688 e 42687 sobre o mesmo tema e formuladas polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:59:20
Nº Rexistro: 54730
Data envío: 02/09/2019 09:59:20.541

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:59:17

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 43053** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o coñecemento e previsións para a mellora das instalacións nas que traballan as persoas profesionais dos Equipos de Valoración e Orientación (EVO) do Norte en materia de discapacidade, na provincia de Pontevedra**”, (publicada no BOPG número 414 do 18 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En canto ás condicións das instalacións do EVO do norte da provincia de Pontevedra indicar que na zona do edificio que ocupa o mesmo hai constancia nestes momentos de humidades.

A principios do ano 2019 xa entrou en funcionamento o ascensor que comunica as tres plantas do edificio.

Respecto da á limpeza, está previsto que se reforce o servizo na zona do EVO para os despachos e as zonas comúns os 5 días da semana e unha limpeza mensual na zona dos arquivos.

No ano 2017 realizáronse melloras nos aseos do centro. Estas consistiron en melloras nos do público, nova iluminación, instalación de novos contedores hixiénicos, melloras na ventilación, etc. Ademais fixéronse importantes melloras nun aseo na planta -1 co fin de que houbera un de uso exclusivo do persoal, mellorouse a ventilación, arranxáronse as portas, os sanitarios, etc.

A climatización do edificio é correcta. O mesmo ten instalación de calefacción que funciona de forma intensiva en inverno. Na zona de espera tamén hai radiadores e a zona de saída ten portas corredizas con apertura e peche automático para que a perda de calor sexa a menos posible.



No ano 2017 realizouse unha mellora nas luminarias, instalandoas de led nalgunhas zonas do edificio, e instalando detectores de movemento na zona de arquivo para o apagado automático das luces. Non hai constancia por parte do servizo de prevención de riscos que a iluminación sexa deficiente.

En relación ás cadeiras de rodas, no mes de febreiro de 2019 o SERGAS fixo un cambio das existentes por outras novas, que son as que están a disposición do público a día de hoxe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:57:27
Nº Rexistro: 54716
Data envío: 02/09/2019 09:57:27.650

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:57:24

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 43302** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias que tivo para as persoas usuarias a eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, así como da posibilidade de volver a asumir durante a X lexislatura o custo íntegro do servizo de transporte adaptado”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal-065 experimentou unha importante reformulación no ano 2014, a través de dúas normas. Por unha banda, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que inclúe no seu ámbito de aplicación o transporte adaptado e asistido na súa modalidade regular e, por outra o Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, e que dá cobertura ás necesidades de transporte adaptado e asistido de carácter puntual.

Así pois, dependendo da Dirección Xeral de Maires e de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia está a funcionar o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP 065) como un servizo público de carácter social mediante o que vehículos de transporte adaptado facilitan desprazamentos programados e non urxentes, con carácter non regular, para atender a prestación de servizos puntuais a persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilización do transporte público colectivo motivada pola súa situación de discapacidade ou dependencia (modelo de xestión de servizos baixo demanda).

O acceso ás prestacións do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal estará



condicionado a que as necesidades de transporte non poidan ser cubertas de maneira satisfactoria polos medios convencionais de transporte público de uso xeral, unha vez que se incorporen a estes os sistemas de adaptación precisos.

Este servizo de transporte adaptado ten como finalidade:

-Poñer á disposición das persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de usar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade.

-Favorecer o acceso, en condicións de igualdade efectiva, ás persoas con discapacidade e/ou ás persoas en situación de dependencia aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal así como a súa participación no contorno habitual.

Ademais das prestacións vinculadas ao Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia (SAAD) cómpre indicar que a Consellería de Política Social ten concertadas prazas coas entidades de iniciativa social para a atención aos distintos tipos de discapacidade, nunha variada tipoloxía de centros: centros ocupacionais, centros de día, residencia de persoas adultas con centro ocupacional, residencia de dependentes con centro de día.

Ter recoñecida a condición de persoa usuaria é requisito previo para poder solicitar e prestar a concesión efectiva dos servizos solicitados.

Poderán obter a condición de persoa usuaria do servizo as persoas residentes en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade.
- b) Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos conforme a normativa que sexa de aplicación ou ter recoñecido, conforme a normativa aplicable, un grao de discapacidade igual o superior ao 75%. Excepcionalmente poderán obter a condición de persoa usuaria aquelas persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e inferior ao 75%, sempre que se acredite a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado e así conste no informe social unificado.

A prestación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para Persoas con



Discapacidade e/ou en situación de dependencia procurará cubrir as necesidades de desprazamento das persoas que teñan recoñecida a condición de usuarias do servizo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte orde de prioridades:

- a) Acudir a consultas médicas do sistema público e concertado ou das mutualidades de funcionarios públicos, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario, e sempre que exista unha confirmación de cita previa para acudir á consulta, para o cal o órgano competente en materia de atención ás persoas con discapacidade e ás persoas en situación de dependencia poderá realizar as comprobacións previas oportunas.
- b) Traslados aos centros asistenciais do Sistema galego de servizos sociais que prestando servizo de aloxamento, de carácter permanente ou temporal, non dispoñan de servizo de transporte, e prioritariamente aos que contén con financiamento público.
- c) Acudir a programas ou actividades que se presten prioritariamente en centros do Sistema galego de servizos sociais que contén con financiamento público, e que non dispoñan de servizo de transporte.
- d) Asistir a actividades de carácter educativo e formativo que favorezan a integración laboral e a promoción da autonomía persoal, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema público educativo.
- e) Asistir a actividades relacionadas co coidado persoal, tanto a nivel terapéutico como rehabilitador.

Sempre que estean cubertas as prioridades anteriores e exista dispoñibilidade de medios, poderanse prestar servizos para as seguintes actividades, e pola seguinte orde de prioridade:

- a) Realizar xestións de carácter legal e/ou administrativo.
- b) Asistir a actividades de carácter cultural, deportivas e/ou sociais.

A realización efectiva da prestación deste servizo é realizada pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia indirectamente, a través das modalidades establecidas na lexislación de contratos das administracións públicas.

Os principais datos cuantitativos relativos á prestación do servizo durante o ano 2018 son os



seguintes:

A 31 de decembro de 2018, máis de 6.000 cidadáns galegos tiñan recoñecida a condición de persoa usuaria do SGAMP-065. Nese exercicio realizáronse un total de 64.295 servizos, que representan unha media mensual de ao redor de 79.745 quilómetros, polo que neste exercicio se superaron os 956.939 quilómetros realizados.

Finalmente sinalar que a nova licitación do novo Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, autorizada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do pasado 11 de xullo, prevé unha duración inicial do contrato de dous anos con posibilidade de prórroga, ata acadar os cinco anos máximos de duración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:55:32
Nº Rexistro: 54705
Data envío: 02/09/2019 09:55:32.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:55:29

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43340** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**a convocatoria para a creación das casas do maior**”, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, foi publicada no DOG Núm. 171 do venres 7 de setembro de 2018.

Esta orde de convocatoria dirxese a apoiar a posta en marcha dunha experiencia piloto nos concellos de Galicia cunha poboación menor de 5.000 habitantes, dando preferencia a aqueles en que non existan recursos de atención a persoas maiores, destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida, ofrecendo unha atención integral e personalizada a persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II.

As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100 % dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa do maior de 15.000 euros. Consideraranse como elixibles aqueles gastos, en que o promotor incorra para a reforma e adaptación da vivenda destinada a servir de casa do maior, así como o seu equipamento e dotación material sempre que sexan necesarios.

As condicións de accesibilidade que se esixirán nestas vivendas son:



Contar cun inmoble ou dispor del con anterioridade á posta en marcha desta experiencia piloto, en condicións de accesibilidade. O citado inmoble estará dotado do seguintes recursos:

1º. Sistema de calefacción que cubra todas as estadias dedicadas ao desenvolvemento da actividade subvencionada e conte coa protección de elementos calefactores precisa para evitar as queimaduras por contacto ou outros riscos para a integridade dos maiores.

2º. Sistema de iluminación adecuado.

3º. Unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos dotada cos elementos necesarios para prestar o servizo de manutención.

4º. Unha zona de comedor habilitada para o efecto.

5º. Unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene:

Contará cunha sala de estar para a realización de actividades individuais ou grupais que posibilite a convivencia e integración social. A súa superficie nunca será inferior a 12,5 metros e deberá dispor de iluminación e ventilación natural.

Contará como mínimo con dous servizos hixiénicos diferenciados, un para cada sexo.

Deberán estar dotados de axudas en paredes e sanitarios, así como timbre de chamada con conexión ás zonas comúns. O chan será antiescorregadizo e de fácil limpeza e as portas terán un dispositivo fácil de peche e apertura, de forma que sexa totalmente accesible.

Ambas as zonas deberán estar situadas preferiblemente na planta baixa ou primeira con fácil acceso ao exterior e ser totalmente accesibles.

6º. Barras, axudas e timbre.

7º. As zonas de acceso adecuaranse tanto ao transporte adaptado como aos usuarios en cadeiras de rodas.

8º. Un mobiliario e equipamento que permita a cobertura das necesidades específicas das persoas maiores usuarias, adecuándose ás súas características.





9º. Dispor dun plan de actuación cos maiores para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa do maior.

Poderán ser beneficiarias destas axudas para pór en marcha unha casa do maior as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou contar, polo menos, cunha persoa socia que o estea, no caso de cooperativas de traballo asociado, de calquera das titulacións que se recollen a continuación, ou equivalentes, ou da formación ou experiencia seguinte:

1º. Grao en Medicina.

2º. Grao en Enfermería.

3º. Título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico Auxiliar de Clínica, técnico Auxiliar de Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermería, que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

4º. Título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

5º. Título de técnico superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico superior en Integración Social, establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do presente acordo, estean traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.

6º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.



7º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

8º. Diploma que acredite a realización de cursos de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior. O curso ten unha duración de 30 horas impartido dende o día 08.02.2019 pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

b) Residir en concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes de acordo co previsto no artigo 1 da orde ou telo feito nos cinco anos anteriores á posta en marcha da experiencia piloto.

A axuda polo desenvolvemento do proxecto piloto consistirá nunha achega económica de 19.600 € en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora, que se liquidará nos termos previstos no artigo 24 desta orde.

Este importe, que se percibirá anualmente, minorarase proporcionalmente no ano 2018 en función dos meses efectivos de desenvolvemento.

Adicionalmente, no caso de que as persoas usuarias da casa do maior fagan uso do servizo de manutención, os beneficiarios das axudas desta orde percibirán un máximo de 100 euros mensuais para un período mensual de 20 días a razón dun máximo de 5 € por persoa e día, sempre que se efectuase un servizo completo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:55:08
Nº Rexistro: 54702
Data envío: 02/09/2019 09:55:08.885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:55:05

CSV: BOPGDSPGDdaJNg62h6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 43344** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos obxectivos previstos na Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como as medidas que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 418 do 24 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución Española, no seu artigo 149.1.1ª, atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes constitucionais. En base a esta competencia, o Consello de Ministros aproba a financiación do nivel mínimo de protección para a atención ás persoas en situación de dependencia atendidas no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Así o establece tamén o artigo 7.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. O artigo 9 da mesma lei establece que a financiación pública do nivel mínimo de protección garantido para cada beneficiario do Sistema, segundo o seu grao de dependencia correrá a conta da Administración Xeral do Estado.

O artigo 7 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia tamén establece no seu punto terceiro que a protección da situación de dependencia por parte do Sistema prestarase tamén de acordo co nivel adicional de protección que poida establecer cada Comunidade Autónoma. O artigo 11.2 da mesma lei tamén engade que as Comunidades Autónomas, de conformidade co artigo 7, poderán definir, con cargo aos seus orzamentos, niveis de



protección adicionais ao fixado pola Administración Xeral do Estado en aplicación do artigo 9, para as que poderán adoptar as normas de acceso e desfrute que consideren máis adecuadas.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias e con cargo aos seus orzamentos, pode definir, polo tanto, niveis de protección adicionais ao fixado polo Estado. Completado o primeiro obxectivo de ampliar o número de persoas en situación de dependencia atendidas, a Xunta de Galicia aposta pola seguinte prioridade, o aumento das coberturas establecendo un nivel de protección adicional con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que que permitiu elevar, entre outras, as libranzas de coidados no contorno familiar.

Estas medidas benefician ás persoas en situación de dependencia, tanto as que perciban na actualidade as libranzas obxecto de incremento coma as que as poidan percibir no futuro. A actualización das contías farase de oficio sen que a persoa en situación de dependencia teña que facer ningún trámite para elo. Ningunha das medidas propostas supuxo por tanto ningún prexuízo nin impuxo ningún tipo de obriga aos destinatarios da norma.

Respecto da súa tramitación, non hai constancia de retrasos significativos nos pagos das nóminas da libranza. Estas se tramitan a finais do mes e pode demorar uns días mentres se fiscalizan nas intervencións territoriais para tramitar o correspondente pago.”
